

Seragro celebrará esta semana na Facultade de Veterinaria de Lugo unha nova edición das súas Xornadas Técnicas

- As XIX Xornadas Técnicas de Vacún de Leite de Seragro volven ao formato presencial logo de dos anos de paréntese debido á pandemia.
- Desenvolveranse os días 10 e 11 de novembro no auditorio de Veterinaria de Lugo.

Este xoves dá comezo a décimo novena edición do foro técnico anual de Seragro. Os encargados da organización nesta ocasión, os veterinarios de Seragro Francisco Sesto e Noelia García, aludiron á intención de facer fincapé no programa en aspectos de actualidade e de futuro como son o benestar animal, o cambio climático, o I+D+i, a xestión de explotacións e o coidado que se lle debe prestar á produción de leite, xa que se trata dun alimento de consumo humano.

EXPOSICIÓNS DO XOVES

Abrirá a primeira xornada a investigadora do Servizo de Microbioloxía do Hospital Ramón y Cajal **Rosa del Campo** cunha intervención na que tratará a problemática das resistencias antimicrobianas. Seguirana os veterinarios de Seragro SCG **Martín López** e **Almudena Tato**, encargados de enunciar unha charla sobre a influencia da mastite na fertilidade.

Tras a pausa para o café, tomará a palabra o enxeñeiro agrónomo e profesor da Universidade de Kiel (Alemaña) Ignacio Ipharraguerre, quen presentará os últimos avances en relación coa saúde metabólica e coa produtividade do gando bovino leiteiro. A situación actual no referente ao balance de minerais en vacas lactantes, conferencia que ofrecerá o enxeñeiro agrónomo da Universidade de California (EE. UU.) **Alejandro Castillo**, será a última temática da mañá.

En sesión vespertina, o profesor de economía aplicada da Universidade de Santiago de Compostela **Edelmiro López** aludirá ás implicacións que terá para o sector lácteo galego a PAC 2023-2027. Seguirao no estrado **Fernando Estellés**, investigador do Instituto de Ciencia e Tecnoloxía Animal da Universidade Politécnica de Valencia, quen detallará as características e utilidades da pegada de carbono.

María Pardo, veterinaria de Seragro SCG, completará o cadro de expertos do primeiro día cunha conferencia que se centrará na valoración do benestar nas ganderías de vacún leiteiro.

PROGRAMA DO VENRES

O veterinario **Miguel Ángel García** iniciará a sesión do venres cunha charla na que avaliará a locomoción bovina e abordará o método ROMS. A continuación, o podólogo de Seragro SCG **Manuel Vidal** compartirá cos asistentes a súa experiencia co control e coa prevención da dermatite.

Relevarao no estrado o veterinario de Recría Castro **Rogelio Grille**, quen ofrecerá un relatorio no que repasará as diferentes estratexias de alimentación e manexo na etapa de leite da recría e, posteriormente, o enxeñeiro zootecnista Sebastián Demyda, da Universidade da Prata (Arxentina), falará das vantaxes do uso das biotecnoloxías xenómico-reprodutivas en bovino de leite.

Xa pola tarde terá lugar un bloque temático que versará sobre a recuperación e ordenación do territorio, así como das propiedades do leite. A primeira intervención, que versará sobre a utilización dos instrumentos de recuperación de terras para a mellora da base territorial das explotacións de vacún de leite, correrá a cargo da directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia), **Inés Santé**.

Logo, subirá ao escenario **Javier Caínzos**, alcalde do concello coruñés de Curtis, para compartir a iniciativa desenvolvida no seu polígono agroforestal co fin de recuperar e ordenar as terras agrarias. Por último, será a quenda do investigador do Grupo de Neurociencia Traslacional do Instituto de Investigación Sanitaria-Galicia Sur **Carlos Spuch**, cuxa conferencia se enfocará en poñer en valor o leite como alimento ante as diferentes modas e os conceptos equivocados que se están difundindo na sociedade actual.

As XIX Xornadas quedarán clausuradas, como vén sendo habitual, co tradicional brinde do leite.

Poden contactar cos organizadores das xornadas para resolver calquera dúbida e/ou concertar entrevistas nos teléfonos **630 97 69 96 (Noelia García)** e **606 32 29 34 (Francisco Sesto)**.